

UN POBO TAXIDERMISTA

Rosa Aneiros



Rosa Aneiros, periodista e escritora.

Pois, si, decidín aboiar. Levaba un tempo eu mergullada nas augas poderosas do Atlántico. Deixei levar pola Corrente do Golfo e andei á deriva das mareas contemplando, horrorizada, a morte de ducias de baleas en Nova Zelandia, a desaparición de bancos pesqueiros na Terranova, o desxeo e consecuente morte de osos polares, a práctica desaparición do polbo e do ourizo nas rías, os sentinazos en alta mar e mais lembrando a ameaza do cemiterio nuclear na foxa atlántica. No fondo do mar, cada vez hai máis cascallos e menos vida, talvez por iso, non logro abandonar dende hai tempo a idea do ecocidio. Pero, xa saben, ao aboiar e deixar atrás a densidade maxestosa da auga salgada, a ollada da ribeira non resulta moito máis optimista.

Boto a andar pola praia. Mollo os pés na espuma e deixo que a area me faga cóxegas. A lagoa da Frouxeira reborda auga, os parrulos anainan por entre os xuncos e os pescadores estiran as súas canas na procura dalgunha robaliza despistada na rompente. Penso entón que fóra do mar tamén existen paraísos. Paraísos onde a especulación urbanística non conseguiu derrubar de todo a maxia da natureza. Paraísos onde o clima chuvieiro nos salvou dunha marbellización e saturación da costa. A lagoa e o areal de Valdoviño forman parte das zonas ZEPA (Zonas de Especial Protección das Aves) ZONAS RANSAR (Convenio internacional de protección das zonas húmidas) e Rede Natura 2000. A pesar desta recua de títulos honoríficos, a lagoa e o areal reciben sustos periódicos con novas construcións e normas absurdas que fan que os veciños, nalgúns casos, vexan este privilexio natural como unha carga e non un luxo

a conservar. A convivencia do ser humano coa natureza non sempre é doada. Vimolo cos incendios e coas riadas. As normas deben reconciliarnos e non crearnos muros contra ela. E, sobre todo, os recoñecementos, como o recente caso dos Ancares como reserva da biosfera,

"Esta forma de urbanización está arrasando as nosas formas tradicionais de convivencia e asentamento"

deben crear algo máis ca escepticismo. Cómpre que os títulos garantan medidas de protección, dotacións económicas e vontade real de recuperación. Non valen de nada as etiquetas se despois deixamos que constrúan urbanizacións a pé de praia escudados nunha maraña lexislativa e competencial.

Nesta liña, non debemos aceptar as terribles afrontas que están a sufrir as parroquias e mailas aldeas do litoral galego, aquelas que sofren unha maior presión urbanística. Debemos rebelarnos contra aqueles plans xerais de ordenación urbana que impiden que un fillo constrúa unha casa nunha leira ao pé da dos seus pais e, en cambio, conceden ferrados e ferrados en zonas virxes para que as construtoras edifiquen e urbanicen ducias de chalés de lecer. E se os propietarios se negan a vender, expropiaselles sen máis. Os tribunais fallaron no seu día a favor desta forma de urbanización por considerala benfeitora do ben común. En cambio, está arrasando e deteriorando profundamente as nosas formas tradicionais de convivencia e asentamento. Estamos botando á mociada das zonas rurais polos altos custes e dificultades de construción e cedendo espazos para as vivendas de segunda ocupación. Estamos, en definitiva, cons-



Uns 600 quilómetros está dominados por praias e outros areas, incluíndo as áreas dunares. Cando decida aboiar do océano gustaríame seguir atopando zonas virxes de area, xuncos e xabre. Gustaríame botar a cabeza fóra da auga e atopar as dunas e as pisadas húmidas na area no canto de chalés acaroados. Cando o ventre do mar me cuspa fóra, gustaríame aparecer na Cristina, no areal da Frouxeira, coas pegadas do salitre como único sal nos ollos. Aínda estamos a tempo de conservar os escasos

"Cando decida aboiar do océano gustaríame seguir atopando zonas virxes de area, xuncos e xabre"

truíndo urbanizacións para *veraneantes* de alto poder adquisitivo e, implicitamente, botando á xente da súa terra cara aos cintos urbanos onde un piso é máis barato ca facer unha casa. A presión urbanística no litoral está a deteriorar non só o contorno natural senón tamén as formas tradicionais de ordenación do territorio. Non se trata de expulsar a aqueles que desexan compartir un paraíso natural durante un mes ao ano, senón de protexer a quen agora está sendo arredado por razóns estritamente

económicas. Non podemos permitir que o litoral galego sexa un refuxio exclusivo para especuladores que ven nunha leira só un investimento. E neste difícil equilibrio cómpre buscar fórmulas de convivencia que non teñan como dramática vítima o medio natural.

A liña de costa abrangue en Galicia uns 1195 quilómetros, máis do 35% de toda a costa da península Ibérica. Conta con acantilados de até 600 m de altura, na Serra da Capelada, os maiores da Península; e numerosas illas e illotes.

paraísos naturais que nos quedan. Aínda estamos a tempo de salvar a parroquia tradicional e impedir a masificación de urbanizacións importadas. Aínda estamos a tempo. Só falta máis vontade política. Máis vontade real, non só promesas e condecoracións que convertan as nosas praias en adornos taxidérmicos no despacho dunha consellería.

Murguía, Revista Galega de Historia achégase ao seu terceiro aniversario.

Grazas a centos de subscritores e lectoras **Murguía** vai descubrindo a Historia de Galicia, divulgándoa e ponéndoa en valor.

No último número apréséntase a **Galiza na II República**, así como a represión franquista no nos país, cos casos paradigmáticos da Illa de San Simón e a Volta dos Nove.

Colabora coa recuperación da memoria histórica do noso país

Subscríbete!

Nome Apellidos
 Enderezo
 Localidade CP Teléfono
☐ Solista ☐ Subscritor ☐ Máis información ☐

Enviar a Asociación Galega de Historiadores/as. Apartado de Correos 765 15.703 Compostela
 ou secretaria@revistamurguia.com Teléfono 988.50.59.17



Period 95 €/ano
 Un número cada 6 meses no teu caso!

www.revistamurguia.com